

## Protocolo e normas de aplicación para o uso das cabinas de estudo

---

Curso 2020/21

Debido ás circunstancias derivadas da alerta sanitaria, e á normativa e instrucións establecidas por este motivo, a autorización e uso das cabinas de estudo neste curso 2020-21 regularase do seguinte xeito:

1. O uso das cabinas unicamente estará permitido para o alumnado matriculado neste curso 20/21. O aforo máximo permitido por cabina, será de 1 persoa e o tempo máximo de uso, de 1 hora ao día por alumno/a. As franxas de uso das cabinas serán de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 horas, salvo o venres que rematará as 20:00 horas.
2. A autorización de uso das cabinas de estudo deberase solicitar ao centro mediante o envío da instancia correspondente (ao correo electrónico do centro [cmus.santiago@edu.xunta.gal](mailto:cmus.santiago@edu.xunta.gal), á atención da secretaría) na que se indicará o día e hora na que se solicita o seu uso, así coma o motivo, achegando a documentación xustificativa que se estime necesaria, de ser o caso.

A concesión do permiso farase atendendo ás necesidades educativas particulares do solitante. En todo caso daráselle prioridade a:

- Alumnado das materias de Piano e Piano Complementario que non dispoña de instrumento propio nin poida acceder a un por outros medios.
- Alumnado con horas libres entre as diferentes clases e que deba permanecer no centro por ese motivo.
- Alumnado con algunha circunstancia particular de relevancia, que deberá ser alegada na solicitude e debidamente xustificada.

En todo caso será o Equipo Directivo quen valorará cada solicitude e resolverá no prazo máximo de 5 días hábiles a partir da súa recepción. A ausencia de resposta no prazo establecido interpretarase coma denegación da solicitude.

3. O alumnado deberá desinfectar o mobiliario a cabina ao comezo e remate do seu uso. Será o persoal subalterno quen de acceso ao alumnado, abrindo e pechando cada cabina nas horas establecidas, o encargado da súa ventilación entre os períodos de uso e da supervisión da desinfección da mesma por parte do usuario.
  
4. O uso das cabinas de estudo do centro, así coma as normas que o regulan, poderase revisar en calquera momento do curso en función das instrucións fixadas pola administración correspondente. O incumprimento destas normas por parte do alumnado poderá motivar a suspensión do dereito ao uso das mesmas, sen perxuízo de calquera outra medida correctora prevista nas N.O.F do centro que sexa de aplicación.